



CONCELLO DE
CHANDREXA DE QUEIXA

Rúa do Concello nº 19
32786 Chandrexa de Queixa (Ourense)
Tfno: 988334000
Fax: 988334056

D. JACOBO MANUEL RAYÓN CEDEIRA, Secretario-Interventor no Concello de Chandrexa de Queixa (provincia de Ourense),

CERTIFICO:

Que o Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día dezaseis de xuño de dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o acordo que de se seguido se transcribe na súa literalidade, coas reservas que resulten da aprobación definitiva da acta:

"

APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA BASE 18.5 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2017.

(...)

—Non producíndose máis intervencións ao respecto, sométese a presente proposta a votación, quedando aprobado pola unanimidade dos membros corporativos presentes (5 concelleiros grupo municipal PP e 2 concelleiros grupo municipal PSdG-PSOE) o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobación inicial da modificación da Base de Execución do Orzamento décimo oitava número 5 incluíndo, a maiores das recollidas inicialmente, como subvencións nominativas previstas orzamentariamente ás seguintes:

Aplicación	Subvención/ Asociación	Euros
338.48	Festas populares pobos (150,00 €/festa)	2.100,00 €
341.48	Sociedade de Cazadores Casteloais	300,00 €

Segundo.- Expor ó público o presente acordo e darlle a publicidade establecida no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ós efectos de que no prazo dos quince días seguintes a súa publicación poidan examinalo os interesados e presentar cantas reclamacións tiveran por convenientes.

Terceiro.- O presente acordo entenderase aprobado definitivamente se durante o prazo de exposición ó público non se presentan reclamacións.

Cuarto.- Tramitar a oportuna modificación orzamentaria con anterioridade á entrada en vigor do presente acordo.....".

E para que conste e para os efectos oportunos, expido a presente certificación, co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Francisco Rodríguez Rodríguez, en Chandrexa de Queixa, a vinte e sete de xuño do dous mil dezasete.

O secretario

Vº e Prace
O alcalde